

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de febreiro de 2022**

Ás 18.00 horas do día 17 de febreiro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel A. Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamatino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Consuelo Vispo Seara (substituída por don Miguel A. Cid Álvarez) nin a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez (substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 20 de xaneiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE JOSÉ QUIROGA SUÁREZ COMO FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA A TÍTULO PÓSTUMO.

A presidenta da comisión, indica que a proposta nace dunha reunión do presidente da Deputación e a Sra. alcaldesa de Petín e o senador de Petín Miguel Bautista, no que propón o nomeamento de Xosé Quiroga Suárez, nado en Petín e falecido na Rúa, como fillo predilecto da provincia a título póstumo, que foi presidente da Xunta entre os anos 1979 e 1982, e todo o seu labor a prol do autogoberno galego e o estatuto de autonomía e outros elementos comprobados que se farán na fase de instrución, que será instruído polo deputado provincial e vicepresidente primeiro D. Rosendo Luís Fernández Fernández asistido polo asesor de Presidencia don Aurelio Gómez Villar.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que está a favor.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, di que votará a favor e abundará no tema.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que votarán a favor.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente para o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo, mediante a seguinte providencia do 4 de febreiro de 2022:

“A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, tras unha reunión no Pazo Provincial coa alcaldesa de Petín, o alcalde da Rúa, e o senador Miguel Bautista, decidiu promover o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo.

A Presidencia resaltou a transcendencia de José Quiroga, presidente da Xunta de Galicia entre 1979 e 1982, unha figura vital no desenvolvemento do autogoberno galego e a consolidación da institución autonómica: A Deputación Provincial que presido acolle con

absoluta satisfacción e todo o impulso posible ese merecido recoñecemento a José Quiroga. Unha distinción formulada xunto coa alcaldesa de Petín e o alcalde da Rúa que, ao igual que a Deputación, a levarán aos seus respectivos plenos para iniciar o expediente para o nomeamento de fillo predilecto da provincia. Unha idea tamén acreditada polo senador Miguel Bautista”.

Esta homenaxe é froito da cooperación interadministrativa e transcende as dinámicas partidistas “para a Deputación é unha honra homenaxear deste xeito a un dos grandes prohombres da autonomía galega”, valorou o presidente da Deputación.

Ser o segundo presidente da Xunta ou ser quen lideraba o goberno autonómico cando se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia son motivos máis que suficientes para honrar unha traxectoria de vocación de servizo público, de compromiso e de presenza nas institucións.

Tamén é de salientar o traballo de José Quiroga a favor da consolidación da autonomía galega. Estas catro décadas de benestar e progreso e este protagonismo que hoxe ten Galicia no marco nacional foi grazas ao traballo de moitos homes e mulleres, de moitos executivos do goberno autonómico e singularmente do home que iniciou esta andaina.

De conformidade co artigo 10 do Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.

*Polo exposto, **DISPOÑO:***

1º.- Incoar o expediente para o nomeamento de José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006) como fillo predilecto da provincia a título póstumo.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente primeiro don Rosendo Luís Fernández Fernández como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º.- Solicitarlle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.

3º.- OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA A DON JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ

A **presidenta da comisión** sinala que xa temos o documento feito polo instrutor D. César Manuel Fernández Gil, para outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao insigne profesor ourensán D. José Paz Rodríguez. Somete a votación o asunto.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que está completamente a favor.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, di que votará a favor, e como dixo no Pleno, intentará independizar a súa condición de deputado coa de amigo deste señor. Considera que é merecedor deste medalla e persoalmente é unha alegría para el poder participar neste outorgamento. Curiosamente naceu na provincia de Ourense, a poucos metros do límite coa provincia de Pontevedra. Para el é un orgullo persoal, dada a súa amizade con este profesor, poder votar a favor desta proposta.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que votarán a favor do nomeamento.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao insigne profesor ourensán don José Paz Rodríguez, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente en data 14 de febreiro de 2022, que consta no expediente,

4º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** dá resposta las preguntas formuladas na comisión anterior. Con respecto á pregunta feita polo BNG sobre o cabaceiro sito na finca Santa Mariña, comunica que se lle trasladou a solicitude ao departamento de patrimonio para que nos acheguen un informe da situación, tanto do estado de conservación, que entendemos que non é o adecuado, así como se está catalogado ou non e o que hai que facer para protexer este ben. Respecto á

pregunta sobre a comisión de Patrimonio, sinala que xa foi respondida no Pleno pasado polo presidente, pero engade que nos próximos días se vai facer a convocatoria correspondente. Respecto á pregunta realizada por don Aurentino sobre a incorporación da Deputación no accionariado do Club Ourense Baloncesto, di que en data do 30-12-2021, houbo un anuncio de ampliación de capital dirixido á subscrición preferente, o prazo finalizou e a Deputación non fixo a subscrición preferente. Agora segue aberta a ampliación non preferente para accionistas, terceiros e abonados. Recalca que a Deputación segue coa mesma parte que contaba. Respecto á pregunta sobre o apoio da Deputación á candidatura de Xavier Prado Lameiro do días das letras galegas, sinala que a Deputación se suma a todas as peticións dos diferentes colectivos en favor de persoas e escritores que poidan ter a posibilidade ou merecer dedicarlle o día das letras galegas. Cantos máis apoiemos maior serán as posibilidades que lle toque a un escritor ourensán. Apoiamos a Antonio Tobar e tamén apoiamos a Xavier Prado Lameiro, o apoio é para todos.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que non fixo intervención dos premiados nos recoñecementos, e foi exproceso. Entende que os persoeiros que se traen hoxe merecen o máximo respecto e respaldo, pero engade, como xa o ten comentado noutras ocasións, que non entenden porque se dá unha discriminación no trato de cara ás mulleres a nivel de recoñecemento nos distintivos da Deputación Provincial. Este ano tivemos unha muller galardoada, a cardióloga Luísa Pérez co premio Olimpia Valencia, pero nunha categoría exclusiva para mulleres. Entende que as mulleres a día de hoxe teñen o mesmo recoñecemento social, e así debe ser, que calquera home. Hoxe son dous nomes máis, don José Quiroga Suárez e don José Paz Rodríguez, pero esta provincia ten destacadas persoeiras con máis méritos cos homes que foron distinguidos pola Deputación. Engade que non lembra que entre todos aprobáramos un recoñecemento a un nome feminino, pon dous exemplo para que se valoren: Antonia Ferrín, que coñece a esta muller a raíz dun traballo do seu fillo na ESO, nada no Carballiño, foi a primeira muller en ler unha tese doutoral sobre astronomía no estado español en 1963, a primeira tese defendida na facultade de matemáticas na USC, licenciada en químicas e farmacia, a día de hoxe a Universidade de Vigo outorga un premio á igualdade de xénero co seu nome; semella que sería unha persoa que merecería o recoñecemento de filla predilecta desta provincia. Pon o exemplo tamén de Marisa Crespo é cardióloga nada en Cea en 1961, pertence a distintas asociacións de ámbito internacional no ámbito da cardiloxía, recoñecida coa medalla Castelao da Xunta de Galicia e filla predilecta

de Cea, e debería ser, entende, medalla de ouro desta provincia. Debería a proposta saír por unanimidade para esta muller, no polo feito de ser muller, senón polos logros acadados en moitos casos con maiores dificultades que o xénero masculino, está claro ao longo da historia. Sen desmerecer os méritos dos persoeiros que acabamos de apoiar hai uns intres, sinala que é de xustiza que se faga este esforzo este acto de xustiza por parte da Deputación Provincial. Sinala outro exemplo como Olga Gallego, a primeira muller en entrar na Real Academia Galega, historiadora, arquivista, docente, moitas veces estes nomes son descoñecidos, para que as nenas visualicen referentes. Propón a Marisa Crespo e Antonia Ferrín.

Sobre a comisión di que un dos primeiros puntos que se poderían levar, por actualidade, sería os dos Penedos do Castro na Ribeira Sacra, parece ser que se vai facer unha infraestrutura de madeira que se vai facer nas inmediacións do xacemento arqueolóxico e podería ser obxecto de estudo na Comisión de Patrimonio.

E, ás 18.13 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

.